



**ASETEM**



## EMPRESA

ASETEM recibe unha axuda de 8.000 euros da Deputación da Coruña P8

## MELIDE

O municipio reduce as emisións de CO2 dende 2020 P13

## LECER

A Asociación Charamela de Melide organiza o décimo ciclo de teatro para afeccionados no camiño' P19

## ENTREVISTA

**frutas  
NATI**

José Ramón Rodríguez,  
Frutas Nati P23

# Cerne


## O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 199. Setembro 2022. Distribución gratuíta

## ASETEM - CCA celebra un ano máis a 'Volta ao Cole' con vales de desconto e unha gran festa

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide celebra un ano máis a 'Volta ao Cole' con vales de desconto de 6 e 10 euros para as familias e unha gran festa infantil para festexar o regreso ás aulas neste novo curso.

Unha vez máis, escolar os comercios locais do municipio para facer as compras dos artigos necesarios para volver á escola ten premio seguro. As persoas que gasten 60 euros ou máis durante o mes de setembro nas tendas participantes. P3



## "Hai moito descoñecemento ao redor da alimentación"



Entrevista con Tania Arias, nutricionista no Centro de Estética Meixela. Nesta conversa repasamos mitos e hábitos de alimentación saudables cos que comezar neste mes de setembro. P4

## Furelos protagonista da nova edición do mercado de época



A parroquia de Furelos (Melide) acolle a quinta edición do mercado de época 'Furelos no 1900' durante os días 16, 17 e 18 de setembro. Unha festividade que volve cunha ampla programación cultural. P14

## ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

*31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com  
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)



## Editorial

### Os venres negros

A cor negra simboliza o loito, unha sinal exterior de dor pola morte de alguén. No caso das traballadoras e traballadores da CRTVG visten de negro todos os venres dende hai máis de tres anos, visten roupa de loito na que está escrito o coñecido lema: “Defende a Galega” para reclamar a autonomía profesional, protestar contra a “manipulación” e esixir o cumprimento da Lei de Medios aprobada no ano 2011 polo Parlamento galego. En definitiva, 224 semanas loitando porque se cumpra a lei.

Todo comezou polo 2018, cando Tati Moyano e Alfonso Hermida deixaron voluntariamente os seus postos de presentadores do Telexornal para manifestar as súas discrepancias coas presións que recibían os xornalistas da CRTVG para ofrecer informacións manipuladas e nesgadas a favor do Partido Popular e do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. De feito, a oposición chegou a denunciar que unha directora de informativos da TVG



Imaxe na que se reivindica o servizo público da CRTVG. / Foto: Defende a Galega

fora interventora do PP en varios procesos electorais.

Os e as representantes políticas deben encargarse de aprobar normativas, como foi o caso da Lei de Medios no 2011, e poñer os mecanismos e ferramentas para asegurar que se cumpran. As traballadoras e traballadores da CRTVG implicados na plataforma Defende a Galega non loitan por unha suba salarial nin por mellores laborais, senón por que “se cumpra o que din as leis democráticas sobre independencia, transparencia e pluralidade dos medios de comunicación públicos”, tal e como afirma Raquel Lema, responsable da CUT no comité de empresa.

A cidadanía galega merece contar cunha radio e televisión pública onde o interese informativo e de servizo público primen ante outros criterios. Os medios de comunicación públicos teñen tamén a tarefa de “educar” a poboación, dar respostas aos temas que máis preocupan á xente, así como entreter. Ademais, é importante que a CRTVG aposte pola ficción feita en Galicia, onde contamos con grandes profesionais do audiovisual. Uns deberes que os responsables dos medios públicos deben realizar, independentemente da cor política que nese intre estea gobernando en San Caetano. A CRTVG é de todas e todos.

## Tribuna de opinión

### O outono enerxético

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Debuxo dun foco de cartón cunhas siluetas dentro. / Foto: Iberdrola

O inicio do novo curso vén cargado de medidas de aforo enerxético que cumprir tanto comercios, establecementos de hostalería ou restauración e empresas, así como particulares.

Ante unha situación complexa, como a actual, os gobernos deben estar á altura e ser os primeiros en acatar medidas ou normas que permitan arranxar a problemática, dar exemplo para que chegado o momento a cidadanía poña da súa parte. Dende hai semanas nos medios de comunicación só escoitamos novas arredor

da escaseza de enerxía en Europa, o mal augurio dun outono no que non haxa enerxía para todas e todos é un lema diario. Non obstante, son moitas as familias que levan anos sufrindo a chamada pobreza enerxética, unha cuestión que nada ten que ver con guerras nin conflitos políticos, ten que ver con non poder pagar a factura da luz ou con non acender a calefacción a pesares do frío. Mentres isto sucede, un dato: Naturgy, Iberdrola, Endesa e EDP gañaron no 2021, de media, 125€ por cliente.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Lorena Vidal

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** Latexo Logopedia, Abeancos,

Ana Mato e Vanesa de Quinzán

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López,

Imprenta Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE  
MEDIOS EN GALEGO

## ÍNDICE

|                        |    |
|------------------------|----|
| - OPINIÓN.....         | 2  |
| - EMPRESA.....         | 3  |
| - MELIDE.....          | 12 |
| - COMARCA.....         | 17 |
| - CULTURA E LECER..... | 19 |
| - COLABORACIÓN.....    | 22 |
| - ENTREVISTA.....      | 23 |



## ASETEM - CCA celebra un ano máis a 'Volta ao Cole' con vales de desconto para as familias e unha gran festa infantil

**Volta ao Cole**  
do 1 ao 30 de setembro

**FESTA INFANTIL**  
Parque Rosalía de Castro  
**VENRES 30 SETEMBRO**  
Entrada gratuíta cos tickets de compra dos establecementos participantes

**VALES DE COMPRA**  
de 6€ e 10€ a partir dos 60€ en tickets

O cartel de promoción da campaña Volta ao Cole de ASETEM - CCA. / Foto: Cerne

ASETEM - CCA celebra un ano máis a 'Volta ao Cole!' con vales de desconto para as familias e unha gran fes-

ta infantil para festexar o regreso ás aulas.

Unha vez máis, escolmar os comercios locais do mu-

nicipio para facer as compras dos artigos necesarios para volver á escola ten premio seguro. As persoas que

gasten 60 euros ou máis durante o mes de setembro nas tendas participantes nesta iniciativa poden acudir ás oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide en horario de 9:00 a 14:00 horas cos tickets que xustifiquen ese gasto levarán un vale de seis ou dez euros, dependendo de se son ou non familia numerosa (no caso destas últimas deben aportar a xustificación de ter tres ou máis fillos). O importe destes bonos pode ser gastado en calquera establecemento asociado á entidade empresarial. Como máximo cada unidade familiar poderá recibir un vale desta campaña. Ademais, como complemento nesta Volta ao Cole que organiza ASETEM as persoas que entreguen os tickets recibirán unha entrada para a gran festa infantil que se vai organizar o vindeiro venres 30 de setembro dende as 17:00 ata as 20:00 horas no Parque Rosalía de Castro. Neste festexo haberá varios inchables e actividades con monitores e monitoras para que os cativos e cativas disfruten ao máximo antes de empezar de novo a rutina do curso escolar. En caso de choiva, esta festa infantil será no Palacio de Congresos da vila.

Esta iniciativa que a asociación empresarial da

comarca leva celebrando varios anos ten como finalidade principal promover e impulsar as compras de todos os artigos necesarios para o regreso ás aulas do alumnado como: roupa, calzado, libros, material de papelería, mochilas, etc. Por outra banda, esta campaña busca axudar ás familias nunha época de amplo gasto por mor da volta á escola dos máis pequenos da casa.

Os establecementos de proximidade do municipio contan con todos os produtos e artigos necesarios para que os cativos e cativas comecen as clases e actividades, polo que dende o equipo directivo de ASETEM - CCA fan fincapé en que as familias non necesitan acudir a ningunha cidade nin grande superficie para facer as compras de volta aos centros educativos porque en Melide contan con tendas nas que se pode atopar todo e a bos prezos. A maiores, a xerente da asociación empresarial da comarca, Pilar López, comenta que "o comercio local da vila é o mellor lugar para facer as compras para que os nenos e nenas volvan ás aulas. Ademais, traendo os tickets das tendas asociadas a ASETEM conseguen vales de desconto e entradas para a festa infantil, polo que para as familias tamén é bo mercar en Melide".



## LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

**Plagostel**  
N.R.S. [0177-GAL-SP0]  
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle  
986118714 – 698179968  
pedidos@plagostel.com



## TANIA ARIAS, NUTRICIONISTA

### “Hai moito descoñecemento ao redor do mundo da alimentación”

- Setembro é, xunto con xaneiro, o mes dos bos propósitos, un dos máis famosos é o de cambiar os nosos hábitos de alimentación pero, é sinxelo facelo?

- **Tania Arias:** Non é para nada fácil. Debemos ter en conta que cando queremos mellorar a nosa alimentación ou aprender a comer non é só ese acto, implica outros factores como: durmir e descansar ben, ter uns horarios e ser ordenados, entre outros. Non é só dicir vou comer ben, para conseguir isto hai que ser planificados e ordenados. Por este motivo, non é tan sinxelo como parece mudar os hábitos de alimentación.

- **Comer saudable é máis caro?**

- **T.A:** Non é máis caro comer sa, se ti fas unha boa planificación e un lista da compra eficiente vas producir moito menos desperdicio alimentario, o que implica que vas gastar menos. Tamén é importante destacar que cando unha persoa planifica é consciente dos cartos que está gastando pero senón o fas moitas veces non es consciente do que realmente gastas. Outro factor que axuda a aforrar é escolmar produtos de temporada que sempre están a mellor prezo. Logo hai outros factores como o gusto de cada quen pero comer saudable non ten porque ser máis caro.

- **Co comezo da escola que nos recomendas mandarlle os cativos e cativas para o recreo?**

- **T.A:** A recomendación é que non leven o que leva o resto. En moitas ocasións privámonos de mandarlle alimentos saudables porque vai ser o único en comer iso e pobriño. Isto é un tema moi complexo porque imaxínate, de todo o alumnado que ao mellor son 15 pois 14 levan un produto non saudable como unha galleta



Tania Arias, nutricionista melidá que pasa consulta en Meixela Centro de Estética. / Foto: Tania Arias

parécenos que o prexudicado é ese 1 que leva unha froita cando é ao revés. Hai que cambiar a mentalidade e o concepto, así como ensinarlle aos nenos e nenas que por levar algo diferente non significa que sexa peor o teu. As miñas recomendacións para mandar ao recreo da escola son: unha froita, os pequenos cartóns de leite e un bocadillo.

- **Falando da poboación infantil, nestas idades os datos amosan unha alta porcentaxe de obesidade. Por que sucede isto?**

- **T.A:** Hai moito descoñecemento por parte dos pais e nais. Se pensamos no día dun neno e repasamos a súa alimentación vemos que para almorzar teñen Colacao ou Nesquik, produtos con moito azucre, unha galleta, un zume procesado; para a merenda da escola, un Danonino ou un bocadillo de chocolate, máis azucre. Isto provoca que ao longo do ano as crianzas inxiren unha cantidade de azucre esaxerada, ten en

conta que no 2017 un neno ou nena promedio consumiu 32 quilos de azucre. Moitas veces os proxenitores non son conscientes da cantidade de azucre que lle están dando ao seu fillo porque eu é o que vexo na consulta, dinche son pequenos non pasa nada pero é que si que pasa porque esta alimentación vai desencadear nun futuro en diversos problemas de saúde como pode ser a diabetes ou colesterol. O que sucede é que como as enfermidades derivadas da alimentación non aparecen ao momento, senón a longo prazo non somos conscientes. Logo, tamén hai alimentos como os iogures de sabores ou con trociños que os pais e nais cren que son saudables cando para nada.

- **Un imprescindible na túa consulta será aprender a ler o etiquetado dos produtos.**

- **T.A:** Si claro, é unha das principais cousas da primeira consulta. Por unha banda, falamos de alimentos de proximidade e de temporada e pola outra

banda, de aprender a ler a etiqueta dos produtos que temos na casa.

- **Que opinas destes influencers da alimentación como, por exemplo, Carlos Ríos?**

- **T.A:** Temos que ter en conta que as redes sociais son unha plataforma coa que chegamos a moita xente e a mensaxe non sempre chega como se enviou polo que a interpretación, moitas veces, é delicada. Polo tanto, no caso de influencers como Carlos Ríos a súa mensaxe ao principio era moi interesante, ao mesmo tempo que impactante e tallante, entón a min chegaronme pacientes a consulta que debido á información que daba Carlos Ríos nas redes a nivel psicológico si pode causar bastantes problemas porque se obsesionan con que non poden comer ningún procesado, hai que ter moito coidado por como se poden interpretar estas mensaxes. Ademais, cabe destacar que nos últimos meses Carlos Ríos se pasou un pouco ao lado escuro

porque non é o mesmo que ti traballes como nutricionista no mundo da información que na industria alimentaria, onde ti queres vender os teus produtos e varios dos que el sacou non son saudables.

- **Problemas coa alimentación como a anorexia ou a bulimia están á orde do día.**

- **T.A:** A sociedade é cada vez máis perfeccionista, busca uns estándares de beleza determinados que son moi irrealistas. Nas redes sociais as influencers vénchen uns batidos ou infusións e ti pensas que teñen eses corpos por iso pero é mentira, detrás diso hai moito traballo dunha boa alimentación, exercicio físico, etc. Neste aspecto tiñan que regular máis a publicidade e promoción destes artigos nas redes sociais en respecto de que franxas de idade. Ademais, estas mensaxes non só chegan a adolescentes, hai persoas adultas que acoden a consulta preguntando por estes alimentos que promocionan nas redes.

- **Existen os famosos superalimentos?**

- **T.A:** Non existen. É certo que hai alimentos moi interesantes a nivel nutricional e outros que o son menos pero non existe ningún superalimento. Se houbera este magnífico alimento iríamos ao médico de cabeceira e diríanos toma isto que é a solución pero non o hai. Cada alimento ten os seus valores nutricionais: vitaminas, fibra, etc.

- **É correcto que cada un fixe a súa alimentación?**

- **T.A:** Cada corpo é un mundo e non a todas as persoas lle sentan igual os alimentos. O paciente pódese guiar co que lle senta mellor pero o profesional sempre lle vai axudar un pouco máis. Non sería de todo erróneo que cada persoa fixara a súa alimentación.



## Aberto o prazo para solicitar as axudas do Programa Nova Oportunidade para as persoas traballadoras autónomas

Aberto o prazo para solicitar as axudas do Programa Nova Oportunidade da Xunta de Galicia para traballadores e traballadoras autónomas.

Esta iniciativa da Administración autonómica conta con subvencións de ata 10.600 euros para apoiar ás persoas autónomas que desexen volver emprender tras o cese de actividade ou cambiar de sector o seu negocio. Estes apoios económicos poden pedirse ata o vindeiro 31 de outubro.

As axudas están dirixidas ás persoas autónomas que se atopen en situación de desemprego e desexen volver emprender tras ter que cesar a súa antiga actividade por causas económicas e a aquelas que estean pensando en cambiar de actividade económica para volver emprender nun sector emerxente.

O Bono Nova Oportunidade está dotado de cinco


millóns de euros, un crédito co que o Goberno autonómico prevé beneficiar a 470 persoas traballadoras por conta propia.

Esta iniciativa inclúe dous tipos de financiamento: o Bono Alta Nova Oportunidade para apoiar a posta en marcha do novo negocio cunha dotación de 1.600 euros coa finalidade de financiar accións de formación de 40 horas como mínimo en xestión xerencial, comercial ou financeira, márketing dixital ou calquera outra que teña relación directa co negocio a emprender, e ou para acompañar aos emprendedores cunha persoa mentora. Os dous bonos son compatibles entre si, polo que a subvención pode chegar aos 10.600 euros por persoa.

Dende a Xunta de Galicia manifestan que a crise provocada pola COVID - 19 obrigou a persoas autónomas a pechar os seus nego-

cios ou a reorientalos, polo que a Administración quere facilitar o seu retorno ao emprendemento ou ao cambio de actividade.

Para os autónomos e autónomas que volven emprender logo do peche da súa actividade durante a pandemia esíxese, entre outros, estar dado de alta no RETA ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no período do 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de outubro deste ano; ter cotizado anteriormente a esta nova alta alomenos 3 meses ininterrompidos durante a súa vida laboral; estar inscrito como demandante de emprego nos servizos públicos galegos con carácter previo á nova alta, ter domicilio fiscal nalgún concello da autonomía galega e desenvolver a súa nova actividade profesional ou negocio en Galicia.



Infografía sobre este programa de axudas para autónomos. / Foto: X. Galicia

## As PEMES poden acceder a axudas para financiar os seus proxectos



Un conxunto de traballadores dunha pequena empresa. / Foto de arquivo

O Goberno galego convoca unha liña de axudas para pequenas e medianas empresas, así como autónomos, na procura de promover a súa competitividade.

O programa Galicia inviste, que conta cun financiamento de 11 millóns de euros, ofrece por primeira vez a posibilidade de solicitar conxuntamente axudas

directas e préstamos para financiar novos proxectos -ofrecendo a opción de pedir créditos parcialmente reembolsables-, na busca de potenciar o mantemento e a creación de emprego, a innovación e o impulso de novas iniciativas empresariais na comunidade.

Este proxecto da Xunta de Galicia ten tres liñas de actuación: unha centrada nos proxectos de investimento empresarial, outra que atende iniciativas de mellora do sector de aloxamento, e a última que pon o foco en facilitar os investimentos específicos para a maquinaria.

No referente á primeira liña de axudas, promoveranse a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes, a diversificación da súa produción e os cam-

bios nos procesos globais da propia produción. No relativo ao sector dos aloxamentos, apoiaranse a creación de novos establecementos hostaleiros, a ampliación da capacidade dos existentes e a súa modernización. E no eido do equipo produtivo, facilitarase a ampliación de capacidade dun establecemento existente e os investimentos en bens de equipamento. Dende o Goberno galego comentan que a posta en marcha destas liñas específicas estará acompañada dunha maior simplificación administrativa para facilitar e axilizar a tramitación dos expedientes enviados.

Este programa autonómico cobre proxectos desde 25.000 ata 900.000 euros no caso da terceira liña, chegando ao 20% na intensidade de axuda no caso das

medianas empresas e de ata o 30% nas pequenas. Pola outra banda, para as dúas primeiras liñas, as cantidades oscilan entre os 50.000 e os 900.000 euros, acadando o 35% dos investimentos no caso das pequenas empresas e o 25% nas medianas.

A gran novidade deste ano será que cando soliciten esta axuda van ter un investimento subvencionable superior a 500.000 euros, xa que se poderá pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida pola Administración autonómica.

O prazo de solicitude deste programa de apoio económico para pequenas e medianas empresas está aberto ata o 30 de setembro.



## Aberto o prazo de matrícula para os cursos en liña da Federación Galega de Comercio



Cartel para promocionar os cursos. / Foto: Federación Galega de Comercio

Aberto o prazo de matrícula para os cursos en liña da Federación Galega de Comercio.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Comercio puxeron en marcha un convenio de colaboración para realizar unha serie de accións formativas, co obxectivo de impulsar as aspiracións de promoción

profesional dos galegos e galegas, mellorando as súas competencias e habilidades para dar resposta ás necesidades actuais do mercado laboral.

Os cursos ofertados son: analítica web e plan de márketing dixital (50 horas), atención ao cliente e calidade do servizo (30), ciberseguridade persoal e laboral (40), comercio electrónico

(40), community manager (50), como elaborar un plan de márketing dixital (50), contabilidade (50), especialista en e-commerce (50), ferramentas tecnolóxicas ao servizo da xestión comercial de clientes (60), habilidades comerciais (60), habilidades directivas e xestión de equipos (60), inglés empresarial (60), inglés nivel A2.2 -desenvolto por Oxford University Press- (50), márketing en liña: deseño e promoción de sitios web (30), mellora de xestión de stocks e beneficios no comercio (50), ofimática: aplicacións informáticas de xestión (50), optimización comercial no pequeno comercio (35), posicionamento en buscadores (50), posicionamento web SEO/SEM (60), promocións comerciais no punto de venda (40), redes sociais (30), tenda virtual: prestashop (60), xestión sostible dos residuos (50) e xestión e control de compras e stock (30).

## O Grupo Noguerol cambia de negocio nas instalacións de Cociña e Baño



A tenda de Noguerol Cociña e Baño que cambiará de negocio. / Foto de arquivo

O Grupo Noguerol cambia de negocio nas instalacións de Cociña e Baño, na rúa do Convento, 28 en Melide.

Neste novo proxecto da empresa melidense abrirán neste inmoible oficina técnica, obras e reformas, instalacións e show room de cociña e baño. Por este motivo, ata o vindeiro 31 de outubro todos os artigos da tenda, relacionados con es-

tas estancias do fogar, estarán en liquidación con ata o 50% de desconto para logo adaptar o espazo ao novo negocio.

Pola outra banda, as instalacións da Circunvalación da Feira seguirán co seu uso e funcionamento habitual. Entre os cales está o servizo técnico e comercial do Grupo Noguerol para toda a súa clientela.

## Melide acollerá accións formativas en competencias avanzadas e básicas de informática dirixidas a mulleres



Un grupo de mulleres en formación en competencias dixitais como as que se realizarán en Melide. / Foto de arquivo

O concello de Melide acollerá accións formativas en competencias avanzadas e básicas de informática, así como de iniciación a competencias dixitais básicas para o emprendemento dirixidas a mulleres, con preferencias as persoas en situación de desemprego.

Cada unha destas formacións durará 45 horas, previsiblemente, comezarán: o curso de competencias dixitais básicas para o emprendemento o 14 de febreiro e ata o día 28; as competencias dixitais básicas do 11 ata o 27 de xaneiro; e por último, o de competencias dixitais avanzadas do 30 de xaneiro ata o 13 de febreiro. O horario será o mesmo para as tres formacións de 9:30 a 13:30 horas e de xeito presencial, polo que as alumnas deberán efectuar un control de asistencia de ás clases durante os once días de ensinanza.

O número de prazas para cada curso é de 15 persoas pero, polo momento, aínda non está aberto o prazo para anotarse en ningún deles. Tamén poderán participar as mulleres traballadoras ocupadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego na situación laboral de ocupadas, cun límite de máximo o 30% de prazas non cubertas polas mulleres traballadoras desempregadas.

Ademais, todos estas accións formativas incluírán un módulo de igualdade.

O obxectivo desta acción de aprendizaxe é mellorar a cualificación das mulleres participantes, ofrecéndolles maiores oportunidades de inserción e favorecendo o seu emprendemento no eido laboral, sen que a fenda dixital, especialmente para as de maior idade, supoña limitación algunha.



## centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



**REXCE**  
**AUDIOPRÓTESIS**  
E. 15-001241

**REXCE**  
**ÓPTICA**  
E. 15-001238

**ÓPTICA****tábora**

Rda da Coruña 20 **MELIDE**



## ASETEM - CCA recibe unha subvención de 8.000 euros da Deputación da Coruña para a edición e deseño do Cerne



O presidente da Deputación da Coruña na súa visita ás instalacións de ASETEM - CCA en xuño do 2021. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide recibe unha subvención de 8.000 euros da Deputación da Coruña para

o deseño, edición e distribución do xornal Cerne.

Esta axuda da Administración provincial está recollida no programa FOE-

NAA, unha convocatoria dirixida a entidades para actividades e promoción económica durante o ano 2022. A subvención conce-

dida permite facer fronte a unha parte dos gastos que implica a realización do Cerne, un xornal mensual de distribución gratuíta que repasa as novas da comarca, publica contidos sobre as empresas asociadas e reportaxes arredor da cultura e o lecer, así como a habitual entrevista do socio ou socia e a páxina de anuncios gratuítos para os comercios que forman parte do Centro Comercial Aberto.

A contía total concedida nesta convocatoria da subvención é de 432.736,03 euros a repartirse entre 49 asociacións como a de comerciantes e empresarios da comarca de Ordes, Bertamiráns, Curtis, Santa Comba, Ribeira ou Narón.

ASETEM Centro Comercial Aberto recibiu esta axuda económica da Deputación da Coruña cun incremento de 500 euros con respecto ao ano pasado, dado que no 2021 a contía percibida de 7.500 euros e no 2022 de 8.000 euros.

Dende a entidade empresarial da comarca deben xustificar 10.000 euros para o recibimento da subvención destinada ao xornal Cerne.

Por parte do equipo directivo da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide manifestan a importancia desta axuda económica para apoiar todos os gastos que xera editar, deseñar e distribuír o Cerne, un dos servizos máis valorados por parte dos socios e socias.

A maiores, a directiva da asociación empresarial da comarca tamén quere agradecer a todos os particulares, empresas e administracións que poñen o seu anuncio no Cerne, xa sexa de maneira anual ou só esporádica porque é unha maneira máis de axudar ó financiamento do xornal. Ademais, os membros da dirección fan fincapé en que o Cerne é de todos os socios e socias polo que todas as propostas sobre o mesmo son benvidas.



## ANÚNCIATE EN VERBENA FM A EMISORA DE MODA

Grazas ao convenio asinado entre ASETEM - CCA e Verbena FM se es un comercio asociado podes aproveitarte das tarifas especiais, a prezos irresistibles, para anunciarte na emisora máis festeira

Os prezos inclúen a creación do anuncio de xeito personalizado

Ti escolles o número de repeticións da publicidade

Dalle a máxima visibilidade ao teu negocio coa publicidade en Verbena FM!!

Para máis información:

981 50 61 88

698 13 23 24

Oficinas de ASETEM (Rúa Lino Sexto - Melide)





## MERCAMELIDE NA RÚA

### O Mercamelide na rúa enche as zonas comerciais da vila con grandes descontos e valora o éxito desta nova edición



A rúa de San Pedro e a Ronda da Coruña, onde se atopan varios establecementos participantes, con xente mercando os produtos con descontos deste Mercamelide na rúa. / Foto: Cerne

A mediados do pasado mes de agosto, as rúas de Melide enchíanse de compradores e compradoras que aproveitaban os grandes descontos e oportunidades do Mercamelide na rúa.

Máis de vinte establecementos de proximidade melidenses sacaron á rúa produtos e artigos da fin de tempada a bos prezos para que a veciñanza e visitantes mercaran todo o preciso para este verán.

Esta era a primeira vez que a tradicional feira de oportunidades se celebraba nas propias tendas, despois dos anos de pandemia, e dende os comercios locais manifestan que se cumpriron as expectativas e que foron “uns bos días de vendas e afluencia de xente nas tendas”. Non celebrar esta campaña no habitual Palacio de Congresos ou no Cantón de San Roque, como en anos anteriores, permitiu que nunha época de forte

traballo como é o mes de agosto se puidera aforrar a tarefa de transportar todos os artigos a outra localización diferente.

Nesta edición especial de verán da feira de oportunidades houbo unha ampla variedade de artigos e produtos con grandes descontos dende roupa e calzado ata utensilios de cociña e baño ou electrodomésticos a través de vinte e dúas tendas participantes na vila. A boa acollida, unha vez máis, desta campaña comercial, organizada por ASETEM - CCA e en colaboración co Concello de Melide, afianza o costume da veciñanza e visitantes de saír á rúa durante as xornadas de descontos especiais do comercio local.

A maiores, esta iniciativa permite que os negocios de proximidade liquiden os produtos en stock para renovar e cambiar aos artigos de nova temporada para este outono - inverno.


O feito de coincidir o Mercamelide na rúa e o previo das festas de San Roque permitiu que no municipio se xuntaran diversas actividades e accións tanto do eido cultural e festivo como do comercial, o que foi un valor engadido para todos os turistas e visitantes que decidiron visitar Melide e a súa comarca durante eses días de festexo.

Dende o equipo directivo da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, comentan estar satisfeitos coa organización e realización desta edición do Mercamelide e fan fincapé na necesidade de que os establecementos de proximidade do municipio sigan participando e amosando o seu interese por este tipo de iniciativas para que poidan ter un bo funcionamento.

Ademais, dende a entidade empresarial da comarca, dados os bos resultados

deste proxecto para os establecementos participantes, traballarán na liña de organizar máis xornadas de comercio local nas rúas en épocas nas que o tempo solleiro nos acompañe. Non obstante, sobre estas xorna-

das a Asociación irá informando aos seus asociados e asociadas nos vindeiros meses para deseñalas e levalas a cabo da maneira na que mellor beneficios aporte aos establecementos de proximidade da vila.



Persoas mercando nas tendas da rúa Alexandre Bóveda. / Foto: Cerne



ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA  
CÓNTACHE..."



## REFLEXIÓN DE ANIVERSARIO



Cristina Fernández Barros  
Nº col. 15/0099

*latexo*  
logopedia  
Rúa Rosalía de  
Castro, 3 Melide

Teléfono:  
642 007 210

O mes de setembro é especial porque comeza co meu aniversario e remata co de Latexo! Non son relevantes os anos que cumpo eu pero si os que cumpre Latexo, xa van dous! Non son moitos, pero serviron para que me sentira parte desta vila e puidera achegarme a moitas familias de Melide e arredores e coñeceran todo o que a logopedia podía facer por elxs.

Se boto a vista atrás, xa hai quince anos que rematei a universidade e catorce que comecei no mundo da logopedia. Nestes catorce anos de profesión vou sendo consciente de que cada vez sei máis pero falta moito por aprender e iso é o que me impulsa a seguir mellorando na profesión.

Recordo que cando comecei alá polo 2008 tiven pacientes con patoloxías das que apenas oíra falar en tres anos de estudo. Pasaba medo, realmente era sensación de medo, de non saber como axudarlles, de non ser quen de sacar adiante o traballo que se me esixía. A tenacidade e a confianza depositada en min dende o primeiro momento, as formacións nas que participei e as compañeiras coas que me fun atopando, fixeron que esa sensación non se apoderara de min e tentara dar, e siga tentando, o mellor de min por cada persoa que se converte no meu/ miña paciente. Despois destes anos, creo que esa sensación perdura toda a vida. Cada caso novo, cada persoa, supón un reto para a túa profesio-

nalidade e fante avanzar. Latexo sumou novas sensacións nestes dous anos e diría que case todas positivas. É unha vertixe constante e unha aventura que fai que, se antes tentara dar o mellor de min, agora o faga multiplicado por mil. Melide e a súa veciñanza acolleume coma se fora unha máis e espero que o meu traballo aquí só acabe de comezar. Quero poder devolver toda a confianza depositada en Latexo. Ben o merecen as familias que xa pasaron, as que están e as que espero pasen polas miñas mans! E por que destas reflexións que non axudan a divulgar moito a logopedia? Porque axudan a divulgar ás logopedas, que coma min, van traballar cheas de ilusión e loitan por facer mellor

a vida de todas as persoas coas que traballan. E porque axudan a que a veciñanza entenda que o noso traballo non sempre é fácil e hai veces que preferiríamos ter outros traballos e non ser portadoras de non tan boas novas para as familias que acoden a nós coa esperanza de que lle digamos que todo está ben. E porque axudan a que se vexa que ningunha profesión fai o mellor para as/os pacientes se non se traballa con constancia e se busca aprender de todo e de todas as persoas que te rodean.

Para divulgar a profesión chegan os demais meses; este mes era para reflexionar, que cumprir anos e que o faga Latexo, fai que vexa o bo que hai, e todo o que queda por descubrir!



Véndese leña  
picada de carballo

Santa María de MELIDE

636 866 996





## SABER DE LEI



### ABORTAR É DE LEI



**Ana Mato Salgado**  
**Avogada**

Tlfn.: 671 833 425

Rúa Xesús Carro, Nº15-2º  
(Melide)

En España é legal abortar dende 1985, pero con matices. A primeira lei permitía o aborto en tres únicos supostos, a pesar de levar algún anos vivindo nun Estado democrático e coa existencia dunha Constitución, non se contemplou o aborto ata o ano 85. Durante a redacción da Constitución o aborto ao igual que o divorcio ou a educación foi un tema de controversias entre os partidos políticos, creando de tal xeito profundas divisións. As divisións seguen existindo ata os nosos días, tanto no ámbito político como no social. Por tales discrepancias o aborto non se menciona na Constitución, e foi anos despois cando se viu necesaria abordalo, xa que dende 1974 ata 1985 en España unhas 240.000 mulleres interromperon os seus embarazos no Reino Unido e Países Baixos, onde si existía lexislación a favor do aborto, e moitas outras sen medio económico algún víanse obrigadas a interromper o embarazo de forma clandestina, con todas as consecuencias que aquilo implicaba. A pesar de que a lei do aborto do 85 foi moi tímida si foi importante. Os tres supostos que a lei recollía eran; en casos de violación, de malformación no feto e no caso de grave risco para a saúde física ou psíquica da muller embarazada.

Coa lei da saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo no ano 2010 anulábanse os supostos de violación, malformación ou estado grave da saúde da nai e apróbase unha lei progresista de prazos.

En 2015 fíxose unha reforma, esta vez algo máis restritiva, eliminando a posibilidade de elección nas mozas de 16 e 17 anos que deberían ter o consentimento dos seus proxenitores.

Debido a que esta lei non convence a unha gran parte da sociedade, o goberno creu na necesidade dunha nova norma modificación da lei, con importantes e significativos cambios.

A nova lei do aborto “Lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo” chegou ao Congreso dos Deputados, onde os grupos parlamentarios deberán debatela e de aí pasar á cámara baixa, o Senado. O obxectivo é que a reforma sexa aprobada antes de que remate a lexislatura. Coa reforma dista norma devólvese a capacidade de decisión autónoma para abortar as mulleres de 16 e 17 anos e a aqueles mulleres que teñan algunha discapacidade.

O executivo con esta lei pretende blindar a norma, a cal xa sufriu dúas reformas despois da súa legalización en 1985. A primeira das reformas no ano 2010 supuxo a despenalización total ata a semana 14 de xestación e a segunda no ano 2015 limitou o dereito das mulleres con discapacidade e elevou a idade para interromper o embarazo sen permiso paterno dos 16 aos 18 anos.

As principais novidades serán:

- \* Elimínase os tres días de reflexión obrigatorios dende que unha muller pide abortar, e o sobre de información só será entregado as mulleres que así o soliciten.
- \* Os centros de saúde distribuirán a píldora do día despois de forma gratuíta e nos centros servizos de saúde sexual e reprodutiva.
- \* Outra modificación serán as normas sectoriais para que as incapacidades temporais por menstruacións incapacitantes e por parto se estendan a funcionarias das Forzas Armadas e Xustiza, non se lle esixe a muller ter unha patoloxía diagnosticada, nin un número mínimo de días cotizados e pagaráselle dende o primeiro día de baixa laboral, como si ocorre con outro tipo de baixas.
- \* Crearase unha baixa de parto dende a semana 39 de xestación, que non consume ningún día do permiso de maternidade, e fomentárase as boas prácticas en todas as etapas do embarazo, parto e postparto.
- \* Reforzarase tamén a formación dos profesionais en materia de saúde sexual e reprodutiva nas carreiras de ciencias xurídicas, da saúde, da educación e sociais e nos currículos de oposicións vinculadas a estas.
- \* Extrémense as garantías en materia de protección de datos relativas ao rexistro de obxectores de conciencia e garantírase que nos hospitais haxa sempre persoal dispoñible para practicar os abortos.
- \* Ademais diso tamén en todos os hospitais se facilitará o aborto, sen necesidade de que a muller se teña que desprazar a outra provincia para realizalo.
- \* Engádesse un apartado polo cal os servizos de asistencia integral especializada estarán adaptados ás necesidades das mulleres con discapacidade, e engádesse un apartado que garante a asistencia e acompañamento para a saúde mental de mulleres en caso de morte perinatal.
- \* Prohibíranse a publicidade das empresas de intermediación que faciliten o acceso a esta práctica en países onde é legal, en España seguirá estando prohibida.

O acceso ao aborto é un tema controvertido en todo o mundo e non só dentro das nosas fronteiras, e vai existir sempre, con independencia de que o ampare a lei ou non, a única diferenza é o risco para a muller. A Organización Mundial da Saúde calcula que todos os anos ten lugar 25 millóns de abortos inseguros e a gran maioría deles en países en vía de desenvolvemento.



## O Concello aproba un crédito extraordinario para executar as obras da Piscina Climatizada da vila



As instalacións da piscina cuberta municipal de Melide, na rúa Javier Rodríguez Pampín. / Foto de arquivo

O pleno do pasado mes de agosto aprobou un crédito extraordinario para executar as obras da Piscina Climatizada da vila.

As instalacións da Piscina Climatizada levan pechadas dende o mes de setembro do 2019, cando o equipo de Goberno actual,

tivo que pechalas por un problema de contratación ao que máis adiante se sumaron graves problemas no establecemento. De feito, o concelleiro encargado do departamento de deportes, José Antonio Prado (PSdG), manifestou no último pleno municipal que teñen un in-

forme técnico no que se reflicten “17 patoloxías graves e 7 moi graves”.

Prado, fixo fincapé na complexidade das obras e comentou que o Goberno local decidiu facer unha gran inversión nestas instalacións para convertela “nun novo centro deportivo

con dúas salas de actividades dirixidas, un ximnasio de 190 m<sup>2</sup> e dous vestiarios de case 100 m<sup>2</sup>”.

A voceira do partido da oposición, Dalia García (PP), pon en dúbida que o bipartito leve a cabo este proxecto “dado que levan tres anos no goberno e queren facer agora no tempo de desconto”. A maiores, defendeu que durante o mandato do Partido Popular a piscina estivo aberta, aínda que dende a bancada do PSdG recordaron os diferentes períodos nos que as instalacións estiveron pechadas por mor de reparacións e outros traballos.

Dende a Administración municipal afirman que a previsión é que comecen este mesmo ano as obras deste establecemento deportivo para logo poder adxudicarlle a unha empresa toda a xestión deste servizo e estar en funcionamento no vindeiro ano 2023. Ademais, esta empresa adxudicataria tamén xestionará as escolas deportivas e as piscinas abertas situadas na área recreativa

do río Furelos, polo tanto, gran parte da oferta deportiva municipal, que ata o de agora está en mans do Concello de Melide.

A Piscina Climatizada é un servizo que durante os anos nos que estivo aberta contaba cun gran número de socios e socias -chegou a ter ata 800 persoas- que acudían ata este inmoble para facer exercicio. Estas instalacións ofrecían aos seus usuarios e usuarias distintas actividades: cursos de natación para diferentes niveis e idades, así como actividades dirixidas (pilates, aerobio ou zumba) e personalizadas. Dadas as circunstancias, son moitos os veciños e veciñas da vila que acoden ata concellos limítrofes como Arzúa ou Palas de Rei para realizar as súas rutinas deportivas a diario, así como as ANPAs para ofertar actividades extraordinarias como formacións de natación. Por estes motivos, a apertura de novo deste establecemento deportivo é de gran importancia para a veciñanza melidense e da comarca.

## Adxudicadas as obras de mellora da estrada entre as poboacións de Melide e Ribadulla



A estrada DP-4603 na que se realizarán melloras. / Foto: Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña vén de adxudicar as obras de mellora da estrada DP-4603 entre as poboacións de Melide e Ribadulla por valor de 392.341 euros. Esta actuación inclúe a renovación do pavimento da

estrada entre os quilómetros 1+070 ao 5+821. Os traballos están incluídos na terceira fase do Plan de Conservación de Vías Provinciais.

O proxecto contempla a recuperación do firme dun-

ha vía que na actualidade presenta un importante deterioro como consecuencia do paso do tempo, dos efectos climáticos e do volume de vehículos que rexistra en diferentes tramos da estrada provincial.

As obras inclúen o saneamento da capa superficial do pavimento coa dotación dun novo estrato de mestura asfáltica en quente que permitirá asegurar as condicións de seguridade para o tráfico rodado. Unha vez concluída esta fase da actuación executaranse tarefas de sinalización e balizamento da vía.

As actuacións comezaran este outono e durante ese tempo o tráfico permanecerá limitado a un só carril. Os traballos durarán dous meses.

## Comezan as obras de mellora nun tramo do Campo Grande



O tramo do Campo Grande no que se van realizar as obras. / Foto: Cerne

A finais de agosto comezaron as obras de mellora nun tramo da rúa Campo Grande de Melide.

Este proxecto inclúe unha reorganización e humanización da zona, a mellora da accesibilidade e seguridade viaria e tamén un aspecto mellorado. Para estas obras

o Concello de Melide destinará 260.966,75 euros.

Os traballos renovarán o firme, colocando ao mesmo nivel o pavimento rodado e o peonil, distinguindo o espazo entre ambos grazas aos materiais empregados, unificándoa coa parte da rúa xa reformada.



## Melide reduce as emisións de CO2 en menos de dous anos de aprobarse o PACES



Unha das zonas verdes do municipio, o Parque Rosalía de Castro, xunto ao Edificio Multiusos. / Foto: Cerne

O Concello de Melide fixo públicas as conclusións do informe de Seguimento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible do municipio. Este documento, aprobado no pleno municipal o pasado novembro

de 2020, contempla unha redución do 40% das emisións de CO2 da localidade para o ano 2030 en relación cos datos do 2016, dentro da resposta local aos grandes desafíos do cambio climático.

Nestes intres, Melide xa ten reducido o 18% estas emisións dióxido de carbono e executou o 64,7% das medidas propostas no documento. Isto significa que, se no ano 2016 emitía 29.911 toneladas de CO2 -3,99

por habitante- anuais, debe ter reducido esa cifra en 11.964,4 toneladas en 2030. Neste 2022, o descenso acumulado foi de 5.668,77 toneladas, o que supón case a metade do obxectivo final.

Todas estas iniciativas avalíanse cada dous anos, tendo como resultado logo de rematar este primeiro ciclo o documento que a Administración local vén de elaborar.

Dentro destas medidas do PACES (o plan de acción) para a mitigación das emisións a fin de acadar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables, así como de medidas de mobilidade sostible e sensibilización social, o Concello de Melide sinalou varios logros dos últimos dous anos. Nesta liña, lembrou que os Centros Sociais de Gondollín, Santalla de Agrón, Baltar, Campos, Folladela, Golán, Furelos, Maceda, Moldes, Meire, Orois e Piñor contan dende hai dous anos con caldeiras de biomasa. Ademais, durante o 2022 leváronse a cabo varias auditorías en edificios públicos locais (multiusos, servizos

sociais, escola infantil, antigo Centro de Saúde, Polideportivo e da piscina municipal).

No ámbito da iluminación pública e de edificios oficiais, o Concello cambiou a luminarias LED as existentes na Casa Consistorial e na Escola Infantil. Tamén se substituíron o 80% dos focos do edificio multiusos e o 50% na Residencia da Terceira Idade. Nos Centros Sociais tamén se procedeu a este cambio de luminarias, instalándose igualmente temporizadores nas billas, mudándose as fiestras e mellorándose o quentador de auga. Por todo o municipio, a Administración local cambiou no 2021 un total de 2.663 focos LED do alumeadado público logo de facer unha auditoría, e cambiou 11 cadros eléctricos no Camiño de Santiago.

No tocante á xestión de residuos, o Concello vai levar a cabo a implantación do quinto contedor a través dunha subvención. Solicitáronse 25 contedores e 250 cubos de recollida de residuos orgánicos no domicilio e bolsas compostables.

## Aberto o prazo para a matrícula no Conservatorio de Música da vila

**CORDA**  
Violín, Viola, Violonchelo, Contrabaixo

**VENTO MADEIRA**  
Frauta, Clarinete, Saxo, Oboe

**VENTO METAL**  
Trompeta, Trompa, Tuba, Trombón

**SOLFEXO**  
**PERCUSIÓN**

**PIANO**

**ARMONÍA**

**GUIARRA**

**ACORDEÓN**

**GAITA**

**CANTO**

**Matrícula: Conservatorio**  
**Edificio Multiusos**  
**Data: do 2 ao 16 de setembro**  
**Horario:**  
**09.00 - 14.00 h**  
multiusos@concello demelide.gal



Imaxe con información sobre o Conservatorio. / Foto: Concello de Melide

Aberto o prazo de matrícula do Conservatorio Profesional de Música de Melide ata o vindeiro 16 de setembro.

Un ano máis, o Conservatorio abre o seu período para anotarse no novo curso

escolar coas especialidades de: violín, viola, violonchelo, contrabaixo, frauta, clarinete, trombón, tuba, solfexo, percusión, piano, harmonía, guitarra, acordeón, gaita e canto.

## A vila acollerá uns talleres de apoio para mellorar a vida das coidadoras familiares

### SERVIZO DE APOIO INTEGRAL A COIDADORAS NO MEDIO RURAL



Es ou fuches coidadora de persoas dependentes?

Dentro do **Servizo de Apoio Integral a Coidadoras no Medio Rural**, financiado pola Deputación da Coruña, levamos a cabo, en colaboración con Fundación Mujeres, uns talleres para mellorar a calidade de vidas das coidadoras familiares.

**Contidos:**

- Autoestima "Como te queres, como te sentes"
- Xestión emocional "Emocionarte, a arte das emocións"

**Cando?**

Todos os martes dende o 13 de setembro ata o 25 de outubro en horario de 10:30h ás 12:30h.

**Onde?**

No Edificio Multiusos - Praza Universidades de Santiago de C.e de Lodz, 4.

**Mais información e reserva de praza:**

Chamando ao 981 50 50 03

**Data límite de inscrición:** Venres 9 de setembro. Prazas limitadas!



Cartel con información sobre esta formación. / Foto: Concello Melide

Melide acollerá uns talleres de apoio para mellorar a vida das coidadoras familiares dende o 13 de setembro ata o 25 de outubro, todos os martes. Esta formación será dada de maneira presencial

no Edificio Multiusos (Praza das Universidades) todos os martes de 10:30 a 12:30 horas.

Estes talleres están recollidos dentro do Servizo de Apoio Integral a Coidadoras

no Medio Rural, financiado pola Deputación da Coruña, en colaboración coa Fundación Mujeres.

Os contidos desta formación serán a autoestima, 'Como te queres, como te sentes, e a xestión emocional, 'Emocionarte, a arte das emocións'.

As persoas interesadas en participar nestes talleres de apoio a coidadoras familiares que, na súa maioría, son mulleres poden inscribirse ata este venres chamando ao 981 50 50 03, dado que as prazas son limitadas. Este servizo é totalmente gratuito e unha boa oportunidade para todas as mulleres que se fan cargo dos coidados de persoas dependentes que precisan dunha atención especial.



## Furelos acolle o quinto mercado de época a próxima fin de semana



Xosé Igrexas, concelleiro de promoción económica, e Sara, proprietaria do Bar A Taberna. / Foto: Concello de Melide

A parroquia de Furelos (Melide) acolle a quinta edición do mercado de época 'Furelos no 1900' durante os días 16, 17 e 18 de setembro. Unha festividade que leva varios anos sen celebrarse e que este mes se volve realizar para consolidarse e na que dende a Administración municipal, encargados da organización do evento,

“se convida a veciñanza e visitantes a mergullar no Melide do pasado, rememorando e recreando a estética da época”.

Como vén sendo habitual neste mercado de época, a animación, a música, o teatro e a artesanía serán o fío condutor. Nesta nova edición, o Concello aposta por fortalecer o carácter dinamizador sobre o turismo local que posúe este mercado e contará cun atractivo engadido: o Tren Turístico Furelos no 1900, que unirá o centro da vila coa parroquia de Furelos. As paradas deste tren atoparanse diante da Capela de San Roque e os puntos onde se celebra este evento cultural. A frecuencia deste medio de transporte será dunha hora entre cada viaxe, para que todas as persoas que o desexen poidan empregalo.

A veciñanza e visitantes poderán visitar o quinto mercado de época o venres 16 ás 19:00 horas. As seguintes xornadas, o sábado 17 e o domingo 18, dende as 11:30 horas ata as 12 da noite.

Este Furelos no 1900 contará cunha ampla pro-

gramación na que o sábado pola mañá, as persoas que se acheguen ata esta parroquia melidense poderán desfrutar da actuación de Froito Novo. Pola tarde, será a quenda dos Falcatrueiros de Palas de Rei e representarse a obra de teatro 'De onde veñen os Congos'. A maiores, as actividades do sábado pola tarde incluírán Xogos Populares.

Durante a fin de semana, haberá Obradoiros de Pan a cargo de Esparto, e Demostracións de Elaboración de Tella a cargo dos Telleiros de Furelos.

As actuacións do domingo inclúen Meigas e Trascos de Sarria e Louband. Logo terá lugar o espectáculo teatral 'Contos, voltas e reviravoltas'. Ademais, o domingo pola tarde haberá a actuación Garabatos de xogos, un compendio de xogos fabricados de materiais reciclados e unha Homenaxe aos Telleiros de Furelos.

Para rematar, dende o venres e ata o domingo na Casa Museo de Furelos recrearase a Escola do Pasado, actividade que se realiza grazas ao Museo Pedagóxico de Galicia.

## Este domingo o San Caralampio volve ás rúas do municipio coa troula asegurada



Veciñanza e visitantes que acudiron á festa do San Caralampio en anteriores edicións. / Foto de arquivo

Este domingo o San Caralampio (a Nosa Festa) volve, logo de dous anos por mor da pandemia e as circunstancias sanitarias, ás rúas de Melide coa troula asegurada con actuacións de varios grupos.

O San Caralampio é un dos festexos máis asentados e con maior seguimento no municipio polo que o regreso desta festa é moi esperado pola veciñanza. A programación para o domingo conta coas actuacións de: charanga Leña Verde, Os Galácticos, No-

roeste, Baiband, Banda do Peto, O Castro de Toques e os Festicultores Troupe Band para animar as rúas da zona veña.

Ademais, de 10:30 a 14:00 horas haberá o tradicional concurso de debuxo Alberto Lafuente, fundador do San Caralampio. A entrega de premios será ás 18:30 horas. Para complementar a programación haberá o habitual concurso de tiro á lata con escopeta de pau e degustación de comida (pementos, pan, cachelos, viño e mexillóns). Logo, ás dúas do mediodía haberá varios sorteos.

Unha celebración á que acoden cada ano centos de persoas para gozar da gastronomía e hostalería do municipio. Este evento enche os establecementos da zona vella melidá de xente con ganas de desfrutar e

despedir o verán por todo o alto coa mellor comida e bebida.

A maiores da gran repercusión nos locais de restauración e hostalería tamén a ten nos negocios de serigrafía, dado que moitos dos participantes na festa o fan con camisetas especiais para a ocasión. No tocante a esta vestimenta, cada ano a Comisión de Festas diseña camisetas e panos para que a veciñanza e visitantes merquen, nesta edición o deseño amosa a unha cativa no regazo do seu avó co lema de: voltaron os recontros...voltou a Nosa Festa en Melide!

Ademais, dende a organización recórdanlle aos asistentes que durante a festa o viño bébese non se tira para contribuír a que todas e todos desfruten da troula do San Caralampio.



# *FURELOS NO 1900 V MERCADO DE ÉPOCA*

— 16-17-18 SETEMBRO 2022 —

*FURELOS NO CAMIÑO* ➔

ANIMACIÓN  
MÚSICA · ARTESANÍA



QUERES UN ESTUDO GRATUÍTO SOBRE A  
INSTALACIÓN DE **PLACAS SOLARES?**



**CHÁMANOS SEN COMPROMISO**

Teléfono Gratuito: 900 701 152  
Dirección: Alexandre Bóveda, 915800 Melide (A Coruña)  
Email: [info@lumymey.es](mailto:info@lumymey.es)  
WhatsApp: 603.446.437

**Hnos. Penas**  
**CARNICERÍA**



**Máis de 25 anos ofrecendo os mellores  
produtos do mercado en Melide**



Tlf: 609 939 198  
Avenida de Lugo, 35 (Melide)

Tlf: 680 442 545  
Rúa Quiroga, 55 (Lugo)

**Anic**  
**DIFUSION**  
**comunicación gráfica**

[www.anicserigrafia.es](http://www.anicserigrafia.es)  
[serigrafia.anic@gmail.com](mailto:serigrafia.anic@gmail.com)

981 94 38 94  
604 05 05 83

serigrafía . impresión dixital textil . impresión dixital ríxidos . selos .  
rotulación . sublimación . merchandising ... / TALLER PROPIO

**Colorín**  
**Colorado**



Rúa Alexandre Bóveda, 7  
Melide (15800)  
881 97 85 60



## Melide, Toques, Santiso, Arzúa e Vilasantar abren o seu Centro de Atención Temperá para crianzas de ata seis anos



Os alcaldes das administracións locais e responsables integrados neste Centro de Atención Temperá. / Foto: C. Melide

Os municipios de Melide, Toques, Santiso, Arzúa e Vilasantar abren o seu Centro de Atención Temperá para crianzas de ata seis anos que padezan trastornos no

desenvolvemento ou se atopan en risco de padecerlos.

Estes cinco concellos do centro de Galicia xuntaron os seus esforzos a través dun convenio polo que op-

taron en conxunto ás subvencións autonómicas nesta materia.

A atención temperá abarca o conxunto de intervencións orientadas á poboación

infantil de entre cero e seis anos, ás familias e á contorna destas, co obxectivo de atender as necesidades derivadas de trastornos de desenvolvemento ou do risco destes. Estas intervencións procuran o desenvolvemento da autonomía e a consecución da súa inclusión social, tanto a través da atención das necesidades transitorias como das permanentes.

O servizo que ten a súa sede na vila de Toques, nas instalacións localizadas no Edificio Multiusos (Lugar de Souto) contará tres profesionais de: logopedia, psicoloxía e terapia ocupacional. O seu horario de funcionamento é de luns a venres de nove a dúas pola mañá e de catro a seis da tarde. O servizo ofrecerase de maneira gratuíta para todos os cativos e cativas

que o precisen, serán os e as pediatras as encargadas de derivar a este centro de atención temperá aos pacientes. Con esta finalidade, desenvolverán diagnósticos correspondentes e, no caso de confirmar a sospeita sobre a existencia dun trastorno, derivarán o ou a menor e á familia ao equipo correspondente.

Existen dúas vías principais para contactar co equipo de coordinación deste servizo, de xeito telefónico no 672 16 77 21, ou a través do enderezo electrónico [atenciontemperatoques@gmail.com](mailto:atenciontemperatoques@gmail.com).

Os responsables das administracións locais participantes neste proxecto valoran moi positivamente o comezo deste novo servizo para incrementar o benestar de parte da poboación que o precisa.



### CLIP IT. MAGIC CLIP

Cientos de Clips Magic a elegir  
**A PARTIR DE 25€\***

EXCLUSIVO  
**ALAIN AFFLELOU**

**C/ RONDA DE CORUÑA, 16  
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97**





## O Festival Son Labrego conta cunha ampla programación



O cartel do quinto festival Son Labrego que se celebrará en Visantoña (Santiso). / Foto: Sindicato Labrego Galego

A quinta edición do Festival Son Labrego celebrarase o vindeiro sábado 17 de setembro no Polideportivo da parroquia de Visantoña (en Santiso), baixo o lema “colapsar para evitar aglomeracións”.

Esta iniciativa organizada polo Sindicato Labrego Galego e no que colaboran o Concello de Santiso e a Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantoña, conta cunha ampla programación.

Nesta ocasión, o festival contará coa participación de Carlos Taibo para debater sobre decrecentismo, consumo e colapso ás 11:30 horas. De xeito paralelo a esta exposición haberá actividades para as crianzas con xogos tradicionais, grazas á Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Ás 13:30 horas é o momento da sesión vermú a cargo da Banda de Música de Vi-

santoña. Pola tarde será a quenda de debullar colectivamente as saídas á crise enerxética e abundarase nas claves e estratexias que neste sentido fornecen os proxectos agroecolóxicos. Primeiro, ás 17:00 horas haberá unha palestra titulada ‘Supervivencia en tempos de crise enerxética’ con Iván Rodríguez (SLG), Manuel Casdeiro (Véspera de nada) e David Outeiro (labrego). Media hora despois haberá o cuarto aberto de billarda Son Labrego, organizado por LNB e C.C.D O Varal. Ás 19:00 horas coñeceremos os espazos agroecolóxicos da comarca con Manuel Ramos (leite eco), Conchi Castro (Esencia da Terra), Xesús Pereira (Queixería Verbas), Xosé García (Rede de consumo O Careón) e M<sup>a</sup> José Salgado (ANPA CEIP Arcediago). Para rematar, ás 21:30h concerto de Odai-ko, Cuarta Xusta e DJ Misa.

## A Escola de Música Eugenio Pazos Reyes abre o período de matrícula



Alumnado da escola de música nunha actividade do curso. / Foto:B.E.M.V

A Escola de Música Eugenio Pazos Reyes (en Visantoña, Santiso) ten aberto o seu período de matrícula ata o vindeiro 16 de setembro.

Esta escola de música ofrece formación en: frauta, óboe, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba, percusión, bombardino, música e movemento, linguaxe musical,

linguaxe musical para adultos e baile tradicional para maiores de 6 anos.

As persoas interesadas en participar neste curso na Escola de Música Eugenio Pazos Reyes poden escribir ata o 16 de setembro para máis información ou matricularse ao correo electrónico: [esmuvisantonha@gmail.com](mailto:esmuvisantonha@gmail.com).

## A carreira Cross de Santiso volve celebrarse o 22 de outubro na parroquia de Visantoña



Fotografía de todos os trofeos da carreira Cross de Santiso. / Foto: Cross de Santiso

O sábado 22 de outubro regresa o Cross de Santiso, a organización deste evento deportivo decidiu retomar “o decano dos cross da comarca en forma de carreira popular nun percorrido con

saída e chegada na antiga Escola de Visantoña”.

Unha carreira que se retoma despois de 27 anos, cando o profesorado da Escola de Visantoña organizou con moita ilusión e traballo

este percorrido. Esta carreira deportiva no concello de Santiso é unha nova oportunidade para a veciñanza da comarca e outras localidades facer deporte nun entorno natural fermoso.



## “O éxito do ciclo é unha combinación dun grupo de teatro afeccionado que pon moito entusiasmo e esforzo en preparar todas as actuacións”

- É o décimo ano que se celebra esta iniciativa, que repaso facedes?

- **Mary Gómez:** Charamela recuperará durante o mes de outubro o seu ciclo de Teatro afeccionado suspendido pola pandemia nas súas dúas últimas edicións.

É evidente que o teatro ten un papel esencial no mundo da cultura e que o teatro afeccionado é un motor importante para a actividade cultural, de indubidable valor creativo e dinamizador para o pobo, e este ciclo, leva anos converténdose nunha cita para os amantes desta arte escénica, ademais de facer posible o contacto con moitos outros grupos de toda Galicia, cos que logramos formar un círculo de amizade e camaradería que creo moi estimulante.

Eu penso que o éxito do ciclo é unha combinación dun grupo de teatro afeccionado que pon moito entusiasmo e esforzo en preparar cada unha das súas actuacións, o recoñecemento a todos os que fixeron posible as distintas funcións e o éxito das mesmas e dun público que se revelou entendido, respectuoso, fiel e atento ante cada nova representación e ao que han de volverse todas as miradas e aplausos, xa que sen el este Ciclo non podería levarse a cabo.

- **Esta é unha edición moi especial dado que vai dedicada a unha persoa especial para a vosa asociación.**

- **M.G:** Si, todos os que formamos Charamela, queremos dedicarlle este ciclo ao que foi un dos directores dos nosos grupos de teatro e vogal da primeira directiva de Charamela, Jesús Luís Gómez Lareo (Suso do Fidalgo), meu pai. Gran defensor da nosa lin-

gua, un amante do teatro ata as últimas consecuencias, que fixo, tanto en Melide como en Burela, un enorme traballo desinteresado, que perseverou por facer grande esta afección e ao que teremos sempre nos nosos corazóns.

- **Nesta ocasión contades con grupos de teatro de lugares como Ribeira, Boqueixón, Lugo ou Alfoz, é moi complexo organizar un ciclo teatral destas características?**

- **M.G:** Todo require un esforzo, pero é algo que facemos con agarimo e compensa moito coñecer persoas de diferentes lugares, reencontrarse cos que xa coñecemos e a gratificación que conleva ver as caras de satisfacción do noso público.

O ciclo require acordar a cantidade de obras a representar, convidar os grupos participantes e coordinar

con eles as datas dispoñibles para a realización das representacións, solicitar o local onde terá lugar, calcular os gastos que conleva o ciclo, realizar os carteis e os programas de man, prestar axuda aos grupos na colocación dos decorados, son e iluminación...

- **A Asociación Charamela conta coa Medalla do Concello de Melide e o premio comarcal á defensa do idioma, que significa para ti ser a presidenta?**

- **M.G:** Recordo cando no ano 2004 formando parte da ANPA do colexio Mestre Pastor Barral, decidimos facer algo para recadar fondos para que todos os nenos puidesen ir de excursión, xa que había familias que non podían permitirse estes gastos. Eu propuxen facer algo que coñecía, o teatro. Falei co meu pai e comezamos a ensaiar “Almas sinxelas”. E

dunha función que encheu o polideportivo municipal ata a bandeira con preto de mil espectadores, recadáronse os fondos necesarios para unha viaxe a Cantabria, e naceu Charamela.

Para min, é unha honra ser a presidenta desta asociación desde o seu inicio e écheme de orgullo contar con estas distincións coas que se nos recoñeceu o traballo realizado (tanto dos actores como dos que están detrás do escenario) e valorou o noso labor en favor do galego, lingua que se emprega en todas as nosas actividades, fomentando así a conservación do noso idioma.

Para nós é un aliciente máis para traballar duro e seguir mellorando, especialmente polo noso público ao que lle temos moito que agradecer xa que continúa entregándose como na nosa primeira función solidaria.

**ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA**

*X Ciclo teatro afeccionado “O TEATRO NO CAMIÑO”*

**1 Outubro GRUPO MUNICIPAL DE TEATRO DE RIBEIRA**

*“O Rei Telesforo busca noiva (e quere noivo)”*

*(Recomendada para maiores de 12 anos)*

**8 Outubro GRUPO TEATRO HOSPITAL XERAL DE LUGO**

*“A sasinato na tenda de roupa” (Todos os públicos)*

**15 Outubro CLUB DE MAIORES DE BOQUEIXÓN**

*“Un morto moi vivo” (Todos os públicos)*

**22 Outubro GRUPO HUMORÍSTICO TRÍPODE DE ALFOZ**

*“O muro” (Todos os públicos)*

**29 Outubro**

**ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA DE MELIDE**

*“A adulterio decente” (Todos os públicos)*

**CENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA**

*Dedicado a*

**JESÚS GÓMEZ LAREO**

*(Suso do Fidalgo)*

**2022**

**21 H**

*Entrada gratuita*

**COLABORAN**

**CONCELLO DE MELIDE**

**GOBERNACIÓN DE GALICIA**



## A Asociación de Troiteiros do Río Furelos organiza varias xornadas de limpeza



Persoas participantes na primeira xornada de limpeza do río. / Foto: A.T.R.F

dous días para retirar o lixo do Furelos, o 27 de agosto e o 3 de setembro, non obstante, as persoas interesadas en participar nesta iniciativa teñen unha nova oportunidade este sábado de 9:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Dende a Asociación de Troiteiros animan a participar nesta xornada de limpeza porque “amar o río Furelos está nas nosas mans, participa, colabora e contribúe por un ben que é de todos e todas”. As persoas voluntarias deben acudir con roupa e calzado adecuado, ao remate da actividade haberá un xantar a cargo da organización no entorno do río Furelos e agasallos para agradecer a súa implicación e traballo na limpeza do río e os seus afluentes.

Esta actividade está dentro da programación anual da asociación.

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos está organizando como cada ano varias xornadas de limpeza deste río e os seus afluentes. Nesta ocasión, xa se realizaron

## O escritor melidense Antom Laia presenta o seu novo poemario



A presentación do poemario de Antom Laia no Museo. / Foto: M. T. Melide

O escritor melidense Antom Laia presentou nas instalacións do Museo do municipio o seu novo libro de poemas ‘Na insônia cruel do relógio’.

Antom Laia estivo acompañado na súa presentación da filóloga Fe Núñez

coa que expuxeron, diante das persoas asistentes, os temas e contidos do libro. Unha publicación na que os poemas amosan o lado máis creativo do autor melidense que conta con varios libros xa publicados e feis lectoras e lectoras.

## Casa de Avelino Núñez



A Casa de Avelino Núñez na Rambla de San Pablo en Melide. / Foto e texto: abeancos.gal

A Casa de Avelino Núñez é un dos principais expoñentes da arquitectura de estilo Racionalista de posguerra existente no casco urbano de Melide, na Rambla de San Pablo.

Este edificio é un dos modelos máis representativos de adecuación á nova corrente artística, iniciada a mediados da década de 1920 que aínda procuran un predominio da estética, res-

pecto á mera funcionalidade deste estilo que pervive ata a década de 1960.

Este inmoble pertenceu aos señor Avelino Núñez Ulla, alcalde do municipio melidense entre abril de

1930 ata febreiro de 1931, nun curto mandato que denota a inestabilidade política presente neses momentos. Avelino Núñez foi un comerciante natural de Prado, no concello de Friol.

No referente á actividade profesional de Avelino Núñez reflíctese o deseño do baixo do inmoble, concibido como local comercial, un deses locais provistos de amplos mostradores con planta en U e grandes andeis situados por detrás dos mostradores para almacenar e mostrar o xénero. Nesta vivenda tamén houbo un consultorio de odontoloxía do doutor José Luis Núñez.

O edificio artéllase en tres plantas: baixo, primeiro andar e faiado, que en datas máis recentes foi ampliado en altura subindo o tellado na vertente que da á rúa, de xeito que se acondicionou un segundo piso como ático. En xeral a fachada principal destaca polo equilibrio e harmonía compositiva, ten-

dencia bastante frecuente neste estilo arquitectónico.

O baixo conta con tres portas de acceso entre as que se intercalan dúas ventás, todos estes vanos caracterizados polo deseño rectangular e disposición verticalizada. En canto á súa decoración destácase polo marcado a xeito de metopas que se sitúan nos machóns e tamén polo zócalo con deseño de sillares.

**Rectificación.** No Cerna 198 de agosto do 2022 publicouse unha peza sobre a presenza das mulleres na Policía Local, este artigo pode consultarse no blog do Museo da Terra de Melide, realizado por Xurxo Broz Rodríguez e coa colaboración de Cristina Vázquez Neira (Centro de Estudos Melidenses - Museo da Terra de Melide). Ademais, as pezas da sección Tiñas Idea? Pódense consultar e ler na páxina web de abeancos.gal con toda a información explicada.



## “Temos que centrarnos en apoiarnos entre os pequenos e síntome moi afortunada de ser un pouco a voz dos comercios de Melide”

Tania Veiras é unha cantante, presentadora e reporteira da Televisión de Galicia que dende hai dous anos é a imaxe de ASETEM Centro Comercial Aberto. Unha muller aberta, espontánea e divertida coa que conversamos neste Cerne para coñecer un pouco mellor.


**- Coñecémoste alá polo ano 2013 cando eras concursante de Recantos no Luar, que queda daquela Tania?**

**- Tania Veiras:** Pois queda absolutamente todo porque non cambiei nada, o único que mudou foi que aprendín moitas cousas polo camiño evidentemente pero sigo sendo a mesma persoa con ganas e ilusións similares ás que tiña daquelas. Considero que son a mesma nena que no 2013, iso que xa pasei a barreira dos 30 anos pero é que sempre deixo claro que sei perfectamente quen me apoiou naqueles intres e sei de onde veño polo que da igual a onde chegue porque nunca me vou esquecer de onde veño. Non obstante, como xa che digo, nestes case dez anos aprendín moito.

**- Cal dirías que a calidade máis importante para ser artista?**

**- (T.V):** Non sabería moi ben que dicirche pero se teño que sinalar algo diría que che guste o que fas porque senón dubido moito que sexas capaz de transmitirlo ao público. Na nosa profesión vives da xente que te ve e escoita entón se ti non cres no que estás facendo eles tampouco o van crer. Polo tanto considero que o máis importante é que che guste e facelo con moita ilusión e cariño para que o público o disfrute.

**- Este verán non paraches de actuar co teu grupo Tania Veiras nas verbenas galegas, algunhas delas na nosa comarca como na parroquia de Visantóna**



A cantante, presentadora e imaxe de ASETEM - CCA, Tania Veiras, nunha imaxe promocional. / Foto: Tania Veiras

**(en Santiso) polo San Xoán ou en Maceda (Melide) polo San Lourenzo.**

**- T.A:** Este verán foi unha auténtica toleada porque pasamos a barreira das cen actuacións. Cando comezou o 2022 non tiñamos nin idea de como ía ir a tempada porque viñamos duns anos complicados pola pandemia, tiñamos algunha actuación contratada pero non o volume que finalmente tivemos e conforme nos íamos acercando ao verán ía saíndo cada vez máis e o outro día púxenme a contalas todas e pasamos a barreira dos cen e para min é a primeira vez, nunca actuaría tanto na miña vida. Dadas as circunstancias foi un pouco toleada pero evidentemente moi feliz e cansa ao mesmo tempo.

**- Como percibiches ao público nas actuacións?**

**- T.V:** O público creo eu que tiña unhas ganas de festa terribles porque non houbo verbena na que a

xente estivese non estivera entregado, é máis non estaba ao 100% senón ao 200% sempre. As persoas tiñamos moitas ganas de troula e de disfrutar e, tanto os máis mozos como os veteranos, cada un a súa maneira gozaron moito deste verán porque ao levar dous anos sen festa esta tempada quixemos aproveitala ao máximo. Logo, pola parte que a min me toca, penso que o público nos brindou un cariño como grupo que eu non me imaxinaba, non sabía para nada que a formación ía ter a boa acollida que tivo, nin que nos felicitasen como o fixeron. É máis, houbo xente que nos viu nunha verbena por primeira vez e despois nos falaba por redes sociais para darnos os parabéns e dicirnos que irían a vernos máis festas e así fixeron porque despois vímoslos noutras actuacións polo que nós estamos moi felices.

**- A pandemia para os artistas tivo que ser unha época terrible, pensa-**

**bas que volverías actuar con normalidade?**

**- T.V:** Non. A verdade cando comezou a pandemia pensei que sería cousa de quince días, unhas pequenas vacacións para todos, pero segundo ía pasando o tempo foi horrible para os artistas. No meu caso, por sorte, seguí traballando na televisión de Galicia pero no que respecta ás actuacións foi cero entón creo que podo xeneralizar e dicir que os artistas o pasamos moi mal e non nos podíamos nin imaxinar como sería o regreso aos escenarios.

**- Outra das túas facetas profesionais é ser imaxe de ASETEM - CCA por terceiro ano consecutivo, como afrontas esta tarefa?**

**- T.V:** A min encántame axudar ao pequeno comercio, estou plenamente feliz de un ano máis ser a imaxe dos establecementos de proximidade de Melide porque sempre digo que para os grandes é todo moi fácil,

para as grandes superficies é sinxelo que todo se compre polo que onde temos que apoiarnos uns a outros é nas vilas. Axudarnos entre os pequenos é onde nos temos que centrar e síntome afortunada de ser un pouco a voz disto no caso de Melide. É certo que me tocouns anos un pouco raros porque púxose a pandemia polo medio pero imos facer como co conto das festas este ano imos facer todo o que neste tempo non se puido por mor da COVID - 19. Ademais, dende aquí quero facer fincapé en que todos os establecementos de proximidade que son socios de ASETEM - CCA poden contar comigo para o que precisen, nas miñas redes sociais teñen un oco para facerse máis visibles e eu vou apoiar no que poida.

**- Que proxectos tes en mente para o futuro a medio prazo?**

**- T.A:** Agora mesmo rematar a temporada porque aínda nos quedan actuacións durante todo o mes de setembro e despois tomarme un pequeniño descanso pero despois sempre estou dándolle a cabeza para caviar que podo facer nos meses de inverno. Polo momento non hai nada en mente, agás poñerse a traballar xa para a vindeira temporada de verán. Ademais, no tocante á televisión seguí participando en cousas que me vaian aparecendo.

**- Que consello lle darías aos nenos e nenas que queren ser artistas de maiores?**

**- T.V:** Que sempre todo o que fagan o fagan co corazón. Cada un ten que dedicarse ao que lle guste. Moitas veces miro aos meus sobriños e digo que querán ser de maiores pero é que simplemente teñen que ser felices, independentemente da profesión. As crianzas teñen que facer o que lles guste con respecto e educación.



## As parellas que coñecemos

O mundo está montado para que tarde ou cedo nos vaíamos xuntando de dous en dous. É a foza esa do amor que nos atrae -curiosamente- cara a persoas que están no noso ámbito de influencia e nos fai crer que -oh, casualidade!- a persoa da nosa vida estaba xusto a dous quilómetros de nós, e non nalgunha das latitudes nas que viven os case 8 mil millóns de persoas que habitan o planeta. Pero o amor é así, unha estudada mestrelanza de ilusión, vontade e inconsciencia, que vai asentando as parellas con máis ou menos acerto de portas para dentro, pero cun perfil claro sempre para os que miran dende fóra.

Todos coñecemos o perfil da parella perfecta, a que pasea en familia os domingos polo cruce de Melide co brazo por riba; a parella que todos xulgamos abocada ao fracaso, porque nunca se ven xuntos, son constantes as sonoras broncas, e aparentemente non teñen nada que ver. Pero tamén todos coñecemos a parella pola que apostaríamos a eternidade, sempre amorosos en público, con casa con xardín e vida acomodada, que dun día para outro se

separa, e o mundo busca explicacións que poidan explicar por que houbo tormenta no paraíso.

Os códigos particulares sobre os que medra cada parella son tan enigmáticos e persoais que nos segue custando entender que o amor non é iso que se pasea polo cruce, nin a súa ausencia son os incómodos silencios que se poden amar en público; senón que é aquilo que pasa cando se pecha a porta e do lado de dentro queda a única realidade que une a dúas persoas. E aí, sen espectadores nin opinólogos, os corazóns quedan espidos, os prototipos dilúense e asoma unicamente o que é puro e o que non o é.

Estamos tan afeitos a opinar das vidas e das relacións alleas que nos cremos con criterio para xulgar e buscar culpables cando unha parella se desfai. Coma se existise un único manual do bo amor que deba ser executado para que a relación sexa exitosa, e poidamos obter o galardón de parella feliz. Coma se non fose certo que o amor se fai e refai todos os días con fíos que só saben coser dous.

A realidade é que nunca chegamos a coñecer a verdadeira relación que teñen dúas persoas se non compartimos

con elas cama, mesa, familia, cepillo de dentes e noites en vela. E aínda así, sería tan difícil meterse na pel allea que porta sentimentos, emocións e percepcións únicas, que nada xustifica as opinións que gratuitamente se dan sobre dous que non somos nós. Porque, se cadra, o que para nós sería tedio e mornura, para outros é casa e paz calma que abriga a alma. E o que a nós nos parece entendemento e equipo coa solidez dun bloque de xeo é só conveniencia, escaparate, imaxe que se desfai coma un caramelo nun día de xea-cando se pecha a porta e, polo lado de dentro, quenta o sol.”

**Vanessa de Quinzán**



**Suave. Cremoso. Nutritivo.**

# Queixo Arzúa-Ulloa

**O tradicional queixo galego**

Certificado pola Denominación de Orixe Protexida  
[queixo@arzua-ulloa.org](mailto:queixo@arzua-ulloa.org) • Tfno.: 981 50 76 53

**XUNTA DE GALICIA**

**FEADER: Europa inviste no rural**

**GOBIERNO DE ESPAÑA** **MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN**

Prioridade 3 medida 3.2



JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ, FRUTAS NATI S.L

## “Con respecto ao ano pasado triplicáronse os gastos da empresa pola suba de prezos”

*Frutas Nati é unha almacén de froitas e verduras frescas con venda directa ao público e distribución ao por maior situado no Polígono da Madanela en Melide. Unha empresa con anos de experiencia no sector que se caracteriza pola calidade do produto e o trato de proximidade á clientela. Un negocio que conta con varios empregados na vila pero tamén noutros municipios galegos nos que ten varias tendas. Ademais, en Frutas Nati son uns habituais das feiras e mercados tradicionais aos que levan todos os seus produtos.*

**- Cal é a situación actual do voso sector?**

**- José Ramón Rodríguez (J.R):** Nestes intres estase traballando bastante ben, dado que o Camiño de Santiago axuda moito ao incremento das vendas. Por outra parte, as feiras e mercados ao aire libre estanse movendo moito, iso que despois da pandemia da COVID -19 custou traballo repuntar pero estase facendo. O gran problema actual é que está todo carísimo, os prezos son moi altos e non só no sector da alimentación, en todo.

**- Recuperáronse os niveis de venda previos á pandemia?**

**- J.R:** É complicado controlar ou comprar cos meses previos á pandemia porque agora os prezos aumentaron moito con respecto a 2019 ou principios do 2020. En Frutas Nati non nos podemos queixar porque nos estamos movendo bastante ben, que sempre se che fai pouco porque queres máis, pero véndense menos quilos de froita e verdura. A nosa empresa ten varias tendas que tamén están funcionando ben. Ademais, outra cousa a ter en conta é que dende que abrimos ata a actualidade, nestes intre hai moita máis competencia que daquela; por exemplo, nas propias estradas podemos ver postos de froita que son competencia desleal.

**- As froitas e verduras son uns dos artigos que máis incrementaron o prezo, a que se debe?**

**- J.R:** Antes as verduras e froitas estaban a un prezo bastante estable e asequible pero chegou este período de seca e a froita non



As instalacións de Frutas Nati nunha nave do Polígono da Madanela en Melide. / Foto: Cerne

se está aguantando coma antes, chega ao almacén e vela bonita pero fállelle a auga que habitualmente ten durante o seu tempo de maduración. Por este motivo, a froita deteriorase antes e estase tirando unha maior cantidade dela.

**- A vós esta situación tamén vos estará supoñendo un custo extra.**

**- J.R:** Por suposto, podo poñerche un exemplo moi claro, no mes de xullo pagamos de luz tres veces máis que o ano pasado. Isto produciéndose porque fixo máis calor e pola suba dos prezos da electricidade, as cámaras están programadas para que se manteña unha determinada temperatura e precisaron de máis electricidade que no verán anterior. A isto hai que sumarlle a suba do prezo do gasoil e que os marxes comerciais se fan cada vez máis pequenos. Nós ante esta situación temos que

subir un pouco os prezos da mercadería e hai xente que o entende porque ve o incremento de todo pero hai outra que pensa que lle vamos roubar, non ven o aumento dos nosos gastos.

**- No voso sector a calidade do produto é un factor fundamental.**

**- J.R:** Si claro, de feito para ter unha boa calidade da froita no verán tes que darlle moitos mimos e coidala dun xeito especial. Nós neste tempo para que a froita aguante e estea mellor preparamos todos os pedidos na cámara de frío porque aínda que os camiós tamén están preparados para transportar este produto non é o mesmo porque nas cámaras absorbe máis a humidade. Logo en Frutas Nati compramos bo produto para que a clientela quede satisfeita e contenta, así como tamén intentamos subir os prezos o mínimo

posible pero é o que marca as circunstancias.

**- Traballades só ao por maior ou tamén vendedes a particulares?**

**- J.R:** Aquí no almacén vendemos tamén aos particulares que veñen e despois facemos repartos a tendas e nas feiras. A clientela que acude ata a nave para mercar intentamos facerlle un bo prezo porque non ten gastos de desprazamento.

**- A escalada de prezos nas froitas e verduras vai seguir?**

**- J.R:** Penso que os prezos non van baixar porque estamos nun nivel de vida moi alto, está todo caro: electricidade, alimentación, combustibles,...

**- Cal é a chave do éxito para manter un negocio como Frutas Nati?**

**- J.R:** Moita dedicación porque o sistema da alimentación require moitas horas de traballo. A situación ac-

tual está bastante complicada pero todo esforzo ten unha recompensa e nós esforzámonos e traballamos moito. Sinceramente, o traballo que se está facendo non se reflicte en euros, non só polo marxe senón porque está todo caro. Se facemos un repaso os gastos son o triple que o ano pasado.

**- Para ti cal foi o momento máis complicado na empresa?**

**- J.R:** Por unha banda, durante a pandemia porque houbo momentos nos que me arrepentín de ter este negocio. Estaba todo moi limitado, no noso caso que o 75% do negocio son os mercados pasounos de ir pola mañá a unha feira e as once chegar Garda Civil a dicir que tes que irte porque se suspende o mercado, cando era unha actividade ao aire libre. Tal e como está montado o sistema o que máis complicado o ten é o pequeno. Non obstante, o intre máis complicado foi a folga dos camióneros o que pasa é que foi menos tempo pero ser foi peor porque se move todo por carretera e senón funciona o transporte arrástranos a todos. Outro factor que inflúe é que antes viña moita froita de Andalucía e de Galicia, agora ven de Marrocos e Portugal. Nestes intres pódese dicir que empezan a vir máis produtos aquí pero hai moita produción que vén de fóra e iso no sabor e na calidade tamén se nota porque o gusto está na terra.

**Frutas Nati**

Polígono Industrial da  
Madanela, 66  
15800, Melide  
Tif: 600 44 80 92




**Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.**



**PRUEBE LO ÚLTIMO EN AYUDAS AUDITIVAS**



**Y DISFRUTE DE LA MÁXIMA CALIDAD Y DISCRECIÓN**



**Todo combinado en una sola pieza tecnológica**

Calidad sonora sin rival



Tecnología AirStream™ para ofrecer transmisión de máxima calidad desde cualquier televisor o sistema estéreo



Conectividad con teléfonos inteligentes (iOS y Android) u otros dispositivos compatibles con Bluetooth®



Tecnología binaural  
Esta unión entre los dos audífonos le permitirá oír mejor en cualquier situación



Conexiones multifuncionales Bluetooth®

**AL MISMO PRECIO QUE EN EL AÑO 2021**

**SOLO durante este mes**

**Recargar y disfrutar**

Las pilas ya son historia, la nueva tecnología del futuro es recargable



E-15-001359



Ronda da Coruña, 34 • 15800 Melide. A Coruña  
Tel.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61



**CENTRO AUDITIVO**

